

## **PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL**

### **PARTE I**

#### **PROBA DE CLARINETE**

A proba de acceso a 1º de G.P. consistirá (según normativa vixente) nunha proba de interpretación co clarinete de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria e outra proba para avaliar a capacidade auditiva e os seus coñecementos de linguaxe musical. A nota final da proba será a media ponderada, un 70% a proba de instrumento e un 30% a de linguaxe musical e deberase obter polo menos un cinco sobre dez para superar cada unha das probas. A calificación obterase mediante a media aritmética da nota obtida en cada unha das probas (instrumento e linguaxe musical) Para unha calificación positiva deberase obter polo menos un cinco en cada unha das probas.

O programa que propón o Centro é o seguinte (poderáse presentar outro de nivel similar)

Catro Sonatas de Igrexa / W. A. Mozart / Boosey and Hawkes.

Romanze para Clarinete e Piano / M. Reger / Breitkopf.

Bagatelles / A. White / Robertson

### **PARTE II**

#### **PROBA DE LINGUAXE MUSICAL**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

#### **CONTIDOS DA PROBA**

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a

semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.